



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# Pragmática do galego e análise do discurso

Elisa Fernández Rei

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Elisa Fernández Rei  
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito da autora.

## DESCRINCIÓN DA MATERIA

Tipo:	Obrigatoria
Titulación:	Lingua e literatura galegas
Curso:	3º
Cuadrimestre:	Primeiro
Profesoras:	Elisa Fernández Rei ( <a href="mailto:elisa.fernandez@usc.es">elisa.fernandez@usc.es</a> )
Titorías:	Luns, martes e mércores de 10:00 a 12:00
Lingua na que se dispensa:	Galego

## SENTIDO DA MATERIA NA TITULACIÓN

Esta materia forma parte do módulo *Lingüística Galega*, xunto con *Gramática textual do galego*, *Sociolingüística galega* e *Dialectoloxía galega*. É obrigatoria tanto para os alumnos do maior de *Lingua e Literatura Galegas* como para aqueles que cursen o módulo optativo do noso minor.

Esta materia, de maneira complementaria ao feito en *Gramática textual do galego*, pretende que o alumnado adquira coñecementos sobre as propiedades que caracterizan as unidades comunicativas e sobre a relevancia da pragmática e a análise do discurso nos procesos de comprensión e produción de textos orais e escritos.

## Obxectivos da materia

- Situar a pragmática dentro do conxunto das disciplinas lingüísticas
- Recoñecer a dimensión da linguaxe como acción
- Coñecer os conceptos básicos para a comprensión da linguaxe no seu uso
- Adquirir recursos de análise básicos para abordar a linguaxe desde a perspectiva pragmática
- Reflexionar sobre a interacción comunicativa en diversos contextos
- Coñecer conceptos e métodos fundamentais de análise pragmática e discursiva
- Iniciarse na lectura de traballos de investigación lingüística
- Iniciarse na elaboración de traballos de análise pragmática e discursiva sobre o galego

## Competencias

- Capacidade para comprender e analizar as diversas formas de comunicación e interacción.
- Capacidade para realizar, a un nivel básico, análise pragmática e discursiva do galego.
- Capacidade para elaborar pequenos traballos de análise pragmática e socio-discursiva, correctamente estruturados.
- Capacidade para valorar a eficacia comunicativa dos distintos recursos lingüísticos.

## **Bibliografía básica e complementaria**

### **Básica**

- Calsamiglia H./A. Tusón (1999): *Las cosas del decir. Manual de Análisis del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Escandell Vidal, M. V. (1996): *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Ariel.
- Leech, G. N. (1983): *Principios de pragmática*. Logroño: Universidad de La Rioja, 1998.
- Levinson, S. C. (1983): *Pragmática*. Barcelona: Teide, 1989.
- Ramallo, F. (2000): "Pragmática", en F. Ramallo et al. (eds.): *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo: Xerais, 445-451.
- Reyes, G. (1990): *La pragmática lingüística: el estudio del uso del lenguaje*. Barcelona: Montesinos.
- Tusón, A. (1997). *Análisis de la conversación*. Barcelona: Ariel.
- Verschueren, J. (1999): *Understanding Pragmatics*. London: Arnold. Traducción española: *Para entender la Pragmática*. Madrid: Gredos, 2002.

### **Complementaria**

- Austin, J. L. (1962): *Cómo hacer cosas con palabras*. Barcelona: Paidós, 1982.
- Benveniste, É. (1958): "De la subjectivité dans le langage", *Journal de psychologie* (Reeditado en *Problèmes de linguistique générale, I*, París: Gallimard, 1966, pp. 58-266).
- Benveniste, É. (1970), "L'appareil formel de l'énonciation", *Langages* 17, pp. 12-18. (Reeditado en *Problèmes de linguistique générale, I*, París: Gallimard, 1966, pp. 79-90).
- Bertuccelli Papi, M. (1993): *Qué es la pragmática*. Madrid: Paidós.
- Brown, Roger W. / Albert Gilman (1960): "The pronouns of power and solidarity", en T. A. Sebeok (ed.): *Style in Language*. Cambridge (Mass): M.I.T. Press, pp. 253-276.
- Brown, P./S. Levinson (1987): *Politeness. Some Universals in Language Use*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Cortés Rodríguez, L./M. Camacho (2003): *¿Qué es el Análisis del Discurso?* Barcelona: Octaedro.
- Fairclough, N. (1995): *Critical Discourse Analysis. The Critical Study of Language*. London: Longman.
- Gallardo Paúls, B. (1996): *Análisis conversacional y pragmática del receptor*. València: Episteme.
- Grice, H. P. (1975): "Lógica y conversación", en Valdés Villanueva (comp.): *La búsqueda del significado*. Madrid: Tecnos, 1991, pp. 524-543.

- Gumperz, J. (2001): "Interactional Sociolinguistics: A Personal Perspective", en Schiffrin, D. et al.: *The Handbook of Discourse Analysis*. London: Blackwell, pp. 215-228.
- Haverkate, H. (1984): *Speech Acts, Speakers and Hearers: References and Referential Strategies in Spanish*. Amsterdam: John Benjamins.
- Haverkate, H. (1994): *La cortesía verbal*. Madrid: Gredos.
- Hernández Sacristán, Carlos (1999): *Culturas y acción comunicativa*, Barcelona, Octaedro.
- Horn, L. L. (1988): "Teoría pragmática", en F. J. Newmeyer (ed.): *Panorama de la lingüística moderna de la Universidad de Cambridge*. Madrid: Visor, 1990.
- Lakoff, R. (1972): "Language in Context", *Language* 48, 907-927.
- Morales López, Esperanza; Gabriela Prego Vázquez; Luzia Domínguez Seco (2006): *El conflicto en las empresas desde el Análisis del discurso*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Pinto de Lima, J. (2007): *O Essencial sobre Pragmática Linguística*. Lisboa: Caminho.
- Renkema, J. (1999): *Introducción a los Estudios sobre el Discurso*. Barcelona: Gedisa.
- Reyes, G. (1995): *El abecé de la pragmática*. Madrid: Arco Libros.
- Searle, J. (1969): *Actos de habla*. Madrid: Cátedra, 1980.
- Sperber, D./D. Wilson (1986): *La relevancia*. Madrid: Visor, 1994.
- Vicente Mateu, J. A. (1994): *La deixis. Egocentrismo y subjetividad en el lenguaje*, Murcia, Universidad de Murcia.
- Wodak, R./M. Meyer (2003) *Métodos de análisis crítico del discurso*. Barcelona: Gedisa.

## TEMAS

1. A pragmática: caracterización xeral e delimitación fronte a outras disciplinas
2. Conceptos básicos de pragmática. Os compoñentes da enunciación
3. Deíxe. Categorías deícticas: deíxe espacial, temporal, persoal, social e discursiva
4. Teoría dos actos de fala. A linguaxe como "instrumento para a acción". A teoría dos actos de fala de Austin e Searle. Actos directos e indirectos.
5. Principio de cooperación e máximas conversacionais. A teoría da relevancia.
6. Cortesía. A cortesía como norma universal con diferentes manifestacións nas linguas.
7. A análise do discurso. Delimitación da disciplina e das súas correntes.
8. Enfoques dos estudos sodiscursivos:
  - 8.1. Etnografía da Comunicación: competencia comunicativa, comunidade de fala e modelo SPEAKING.
  - 8.2. Análise da conversa: sistema de toma de quendas.
  - 8.3. Análise Crítica do discurso: discurso e poder

## **Metodoloxía da ensinanza**

Os tipos de actividades que se realizarán son os seguintes:

- Sesións expositivas. Nelas introduciranse os conceptos teóricos e metodolóxicos de análise pragmática. A explicación da profesora apoiarase con frecuencia na lectura e comentario de textos e na exposición e comentario de exemplos.
- Sesións de seminario. Esencialmente traballarase de forma aplicada algúns dos contidos vistos nas sesións expositivas. Faranse comentarios de lecturas, exposicións de traballos e exercicios de diverso tipo. Todas estas tarefas estarán guiadas e supervisadas pola profesora. Algúns dos materiais de traballo atoparanse nas aulas virtuais.
- Titorías en grupo. Como o resto das actividades, serán de asistencia obrigatoria. Dedicaranse a facer un seguimento do traballo do alumno e moi especialmente dos traballos de curso que estea a realizar.
- Actividades de curso. Trátase de exercicios, traballos, exposicións, comentarios... de carácter obrigatorio que serán recollidos pola profesora. Algúns deles terán carácter non presencial e deberán ser entregados nas datas que no seu momento se indiquen.
- Lecturas. Ao longo do curso a profesora encargará unha serie de lecturas obrigatorias, que se deberán preparar en horas non-presenciais.
- Traballo de curso: os alumnos terán que realizar un traballo de curso, consistente na gravación, transcripción e análise dunha conversa. As exposicións correspondentes a estes traballos terán lugar no mes de xaneiro.

Os alumnos gardarán nunha carpeta ou cartafol todos os exercicios e actividades realizadas ao longo do cuadrimestre, organizado de maneira ordenada. Non se incluírá o material teórico, apuntamentos, lecturas propostas e todo o que non consista en traballo persoal. En caso de ser necesario reunir máis datos para a avaliación final, esta carpeta do alumno poderá ser requirida contra o final do cuadrimestre, en data que indicará as profesora.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación da consecución das competencias esixidas terá en conta:

- Asistencia e participación nas clases (20% da cualificación global): valorarase a asistencia ás clases así como a participación do alumno nas mesmas. A carpeta do alumno poderá ser tida en conta na nota final deste apartado. A puntuación será proporcional á asistencia e ponderarase segundo o aproveitamento que o alumno realice das clases.

- Actividades do curso (30% da cualificación global): ao longo do curso o alumnado presentará, por escrito ou oralmente, traballos e exercicios, que serán avaliados pola profesora. Valorarase a calidade e, no seu caso, a orixinalidade, así como o deseño e presentación. Os alumnos que non presenten estas actividades no día ou prazo indicado serán cualificados cun 0, agás que documenten unha causa xustificada. En tal circunstancia, a profesora indicará un novo prazo.

- Contidos da materia (50% da cualificación global): realizarase un exame escrito. É imprescindible obter unha cualificación igual ou superior a 5 para superar a materia. Para poderse presentar a este exame é requisito imprescindible a presentación en prazo de todos os traballos requiridos ao longo do curso.

#### CONVOCATORIA DE XULLO:

-Recuperación de actividades do curso: aqueles alumnos que o precisen para superar a materia ou para compensar a cualificación final deberán presentar por escrito e no prazo indicado pola profesora unha serie de actividades de carácter obrigatorio. A puntuación acadada con estes exercicios suporá un 30% da nota final.

- Exame escrito: deberán presentarse aqueles alumnos que non obtiveron un 5 na convocatoria de xaneiro. Supoñerá un 50% do total da materia.

-A cualificación correspondente á asistencia e participación (20%) será a obtida no curso.

Os alumnos que obteñan a dispensa de asistencia a clase por parte da xunta do centro e a acrediten debidamente rexeranse polo seguinte sistema de avaliación, tanto na convocatoria de xaneiro como na de xullo:

- Exame escrito, que supoñerá o 100% da cualificación.

Os alumnos que opten por este sistema deberán poñerse en contacto coa profesora antes do 30 de outubro.

#### Observacións

1. Dado que se segue un sistema de avaliación continua, os alumnos que presenten algún dos traballos requiridos ao longo do curso ou que conten con algunha cualificación pola súa asistencia serán cualificados cunha nota numérica, resultado da ponderación descrita na alínea anterior.

2. Hai que ter moi en conta que para superar a materia é requisito imprescindible o dominio do galego, tanto no nivel oral como no escrito, e moi particularmente, o dominio do código normativo. En consecuencia, na cualificación tanto dos exames como dos traballos repercutirán negativamente as faltas de ortografía (-0'2 por cada falta), así como os problemas de redacción, estilo, coherencia...

3. No caso de que os alumnos superen algunhas das partes da materia obxecto de avaliación (actividades de curso, por exemplo), pero suspendan outras (exame escrito, por exemplo), é posible que o resultado numérico que se obteña ao sumar a cualificación das distintas partes sexa igual ou superior a 5. Non obstante, dado que para superar a materia é requisito imprescindible aprobar cada unha das partes obxecto de avaliación de maneira independente, o alumno non terá aprobada a materia. En tales casos, a nota que se asignará na acta correspondente será 4,9.

## CRONOGRAMA

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO
12 Seminario 1 ¿Que é a pragmática?	3 Seminario 3 A deixé	2 Tema 5 Teoría da relevancia	5 Seminario 9a Análise da conversa	9 Seminario 10b Análise crítica do discurso
13 Presentación	4 Tema 4 Actos de fala	7 Seminario 6 Metodoloxía de transcripción	7 Tema 8.2 Análise da conversa	10 Exposicións
14 Tema 1 A pragmática como disciplina	5 Tema 4 Actos de fala	8 Tema 6 A cortesía	12 Seminario 9b Análise da conversa	11 Exposicións
19 Seminario 2a Conceptos básicos (exercicios)	10 Seminario 4a Actos de fala	9 Tema 6 A cortesía	13 Tema 8.3 Análise crítica do discurso	
20 Tema 2 Conceptos básicos	11 Tema 4 Actos de fala	14 Seminario 7 A cortesía	14 Tema 8.3 Análise crítica do discurso	
21 Tema 2 Conceptos básicos	17 Seminario 4b Actos de fala	15 Tema 6 A cortesía	19 Seminario 10a Análise crítica do discurso	
26 Seminario 2b Compoñentes da enunciación	18 Tema 4 Actos de fala	16 Tema 7 Análise do discurso	20 Tema	
27 Tema 3 A deixé	19 Tema 5 Cooperación e máximas conversacionais	21 Seminario 7 Análise do discurso	21 Tema	
28 Tema 3 A deixé	24 Seminario 5a Principio de cooperación e máximas conversacionais	22 Tema 7 Etnografía da comunicación		
	25 Tema 5 Implicaturas	23 Tema 8.1 Etnografía da comunicación		
	26 Tema 5 Teoría da relevancia	28 Seminario 8 Etnografía da comunicación		
	31 Seminario 5b Implicaturas	29 Tema 8.2 Análise da conversa		
		30 Tema 8.2 Análise da conversa		